

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8320 *Real decreto 564/2010, do 7 de maio, polo que se modifica o Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional.*

A Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, establece, no seu artigo 23, que a apertura e o funcionamento dos centros docentes privados que impartan ensinanzas tanto de réxime xeral como de réxime especial se someterán ao principio de autorización administrativa. Pola súa parte, a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, prevé no seu artigo 11 que o Goberno establecerá os requisitos básicos que deberán cumprir os centros integrados de formación profesional e que a súa creación, autorización, homologación e xestión corresponderá ás administracións nos seus respectivos ámbitos competenciais. Este requisito de autorización previa está amparado pola Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, xa que no seu mantemento concorren as condicións de non discriminación, necesidade e proporcionalidade. Neste sentido, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, non afectou a modificación da Lei orgánica 8/1985, reguladora do dereito á educación, nin da Lei orgánica 2/2006, de educación.

O establecido na Lei 17/2009 afecta, non obstante, os procedementos e trámites para a obtención das autorizacións que deberán ter carácter regrado, ser claros e inequívocos, obxectivos e imparciais, transparentes, proporcionados ao obxectivo de interese xeral e darse a coñecer con antelación. Procédese así á modificación do Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación, dado que establece o requisito de dobre autorización laboral e educativa exixida aos centros privados que queiran funcionar como centros integrados da formación profesional, polo que se procedeu a integrar ambos os procedementos de autorización mediante a emisión dun informe preceptivo e vinculante no procedemento de autorización administrativa.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación e emitiron informe o Consello Escolar do Estado, o Consello Xeral da Formación Profesional e o Ministerio de Política Territorial.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Educación e do ministro de Traballo e Inmigración, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional.*

1. Os números 3 e 4 do artigo 4 do Real decreto 1558/2005, do 23 de decembro, polo que se regulan os requisitos básicos dos centros integrados de formación profesional, quedan redactados nos seguintes termos:

«3. As administracións educativas, no ámbito das súas competencias, poderán crear novos centros integrados de formación profesional de titularidade pública. Así mesmo, poderán autorizar novos centros integrados de formación profesional de

titularidade privada. En ambos os casos será preceptivo un informe de carácter vinculante da Administración laboral.

4. As administracións laborais, no ámbito das súas competencias, poderán crear novos centros integrados de formación profesional de titularidade pública. Así mesmo, poderán autorizar novos centros integrados de formación profesional de titularidade privada. En ambos os casos será preceptivo un informe de carácter vinculante da Administración educativa.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 7 de maio de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ